Non obstante, este plan afianzará aínda máis o compromiso que o Goberno galego xa ten coa igualdade de oportunidades, como mostra a lexislación autonómica, que no seu artigo 48 do decreto lexislativo 2/2015 en materia de igualdade prevé actuacións especiais no caso de infra-representación feminina nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría, entre outras medidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:26:30  
**Nº Rexistro: 23764**  
Data envío: 15/10/2021 11:26:30.391

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:26:26**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 4962**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da atención prestada ás mulleres en situación de violencia de xénero desde a declaración da emerxencia sanitaria e as medidas específicas de apoio psicolóxico postas en marcha durante o confinamento”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aprobou o 20 de marzo de 2020, un Plan de reforzo para o apoio ás mulleres vítimas de violencia machista, dado que a situación de confinamento domiciliario provocada pola covid-19 podería xerar un aumento dos conflitos por perfiles violentos.

As medidas que recolle o Plan teñen como obxectivo a protección a o apoio ás mulleres, nenos e nenas vítimas de violencia de xénero, a través dunha axeitada resposta institucional, da coordinación entre as distintas administracións públicas e da colaboración do conxunto da cidadanía durante o estado de alarma, tentando mitigar estas situacións pese o illamento, e que as mulleres se sentiran acompañadas e protexidas.

O Plan de reforzo para o apoio ás mulleres vítimas de violencia machista contou coas seguintes medidas:

1. O servizo de atención telefónico da Xunta de Galicia 900 400273 (24hs) funcionou con normalidade todos os días da semana as 24 horas do día.





2. O servizo de atención de Asesoramento Xurídico online seguiu operativo con normalidade.
3. Os servizos de apoio psicolóxico mantiveron operativas as terapias en modo presencial nos casos en que se estimou preciso; nos restantes casos reorientáronse a través de sesións telemáticas e/ou seguimentos telefónicos .
4. O servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual seguiu operativo a través de teléfono, mail ,skype, e outras plataformas de videopresenza, dando prioridade ao mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias.
5. O servizo de quenda de garda psicolóxica permanente para apoio nos momentos iniciais de presentación de denuncia ou apoio en sede xudicial, seguiu operativo e prestouse en atención presencial cando resultou preciso facelo e en atención telefónica nos casos restantes.
6. O Punto de Coordinación das Ordes de Protección seguiu realizando seguimentos telefónicos permanentes coas vítimas con medidas de protección activas así como contactando con todas aquelas mulleres ás que durante este período de alarma se lle ditaron medidas de protección, informándoas e asesorándoas da situación durante o estado de alarma e a dispoñibilidade dos recursos.
7. Os servizos de apoio psicolóxico e social nas Oficinas de Atención ás Vítimas en sede xudicial seguiron operativos, tanto en atención presencial cando así o requiriu a autoridade xudicial como a través de contacto telefónico permanente.
8. Os servizos de carácter administrativo estiveron operativos permanentemente online, por teléfono e por correo electrónico, e todas as axudas económicas seguiron tramitándose con normalidade, sen aplicar paralización de prazos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
9. O Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, mantivo contacto permanente coas súas usuarias e apoiou e reforzou a través das profesionais do centro os servizos de apoio psicolóxico e social das mulleres que durante o estado de alarma tiveron que ser situadas en centros de acollida temporais, habilitados por mor da pandemia (ver punto 13).





10. O Centro de Emerxencia de Vigo, adscrito á Xunta de Galicia funcionou con normalidade no acceso das vítimas residentes en Galicia ata completar capacidade. Non se aceptaron durante o período de alarma, ingresos de mulleres procedentes doutras CCAA.
11. Púxose en marcha durante o estado de alarma un novo recurso de acollida para dar resposta ás posibles situacións críticas, axilizando en emerxencia os trámites administrativos precisos para o inicio da actividade.
12. Traballouse en colaboración cos Centros de Acollida tanto de titularidade municipal como titularidade de Ongs e Entidades Sociais, facilitándose ademais EPIS e material de protección (máscaras, xeles hidroalcolícos, luvas etc.)
13. Habilitáronse aloxamentos turísticos (hostais, pensións e albergues de turismo) para acollemento temporal de mulleres vítimas de violencia machista, a través dun acordo acadado entre a Xunta de Galicia e as entidades responsables de empresas hoteleiras (157 aloxamentos turísticos a disposición de persoas afectadas pola crise da covid-19, como colectivos de especial vulnerabilidade social entre elas as vítimas de violencia de xénero): 'Protocolo de actuación para o acceso a establecementos turísticos das mulleres vítimas da violencia de xénero e os seus fillos e fillas durante o estado de alarma e emerxencia sanitaria en Galicia provocada polo coronavirus (covid-19)'.

En todos estes casos constituíronse desde o CRI grupos de intervención e apoio psicolóxico, social e de asesoramento xurídico, en coordinación cos Centros de Información á Muller, manténdose contacto permanente coas mulleres aloxadas nestes dispositivos ata ser recollidas en recursos especializados de violencia de xénero.

14. O servizo de traslado das vítimas os centros de acollida que a Xunta de Galicia facilita a través da colaboración coa Federación Galega do Taxi (FEGATAXI), continuou prestándose e ampliouse a outro tipo de traslados inescusables que precisaron as mulleres vítimas.
15. O Bono de alugueiro social que a administración galega ten a disposición das vítimas de violencia de xénero ampliouse, asumindo a Xunta de Galicia o pagamento do 100% do alugueiro durante todo o estado de alarma, para mitigar o impacto económico que a situación tivo sobre as vítimas





16. Lanzouse unha campaña institucional dirixida a informar en redes sociais e medios de comunicación sobre o Plan de Reforzo, as medidas operativas para as vítimas e os recursos á súa disposición, trasladando a mensaxe de que pese o illamento, as mulleres estaban acompañadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:26:13  
**Nº Rexistro: 23762**  
Data envío: 15/10/2021 11:26:13.469

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:26:09**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10075**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9”**, (publicada no BOPG número 92, do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo continuo da Xunta de Galicia contribuíu a que os galegos visen cumprido o pasado 29 de xullo o compromiso do Goberno central, anunciado en outubro de 2020, de rebaixar as peaxes da AP-9. En todo caso, as bonificacións autorizadas non acadan a contía de 63 millóns de euros recollida nos Presupuestos Generales del Estado, nin tiveron en conta a proposta feita polo Goberno galego para o caso dos vehículos pesados, polo que a rebaixa da peaxe que se aplica para este colectivo é claramente insuficiente, como ten manifestado o propio sector e como teñen demostrado xa outras experiencias previas.

No que atinxe á transferencia da titularidade desta autoestrada, a Xunta mantén dende 2009 a mesma postura. Ademais de avogar por esa transferencia para acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos, defende que o traspaso da titularidade veña acompañado dos recursos económicos e técnicos necesarios para a correcta xestión da AP-9 ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes de execución.

O Goberno galego recibiu con perplexidade o contido das emendas presentadas no Congreso polo Grupo Socialista á Proposición de lei de transferencia da Autoestrada do Atlántico, posto que son unha renuncia explícita a que esta infraestrutura sexa plenamente galega, xa que supón limitar o traspaso á explotación sen ningunha capacidade sobre a xestión.





Tampouco se entende que a proposta do PSdeG sexa que a Xunta de Galicia contribúa a pagar con cartos de todos os galegos as peaxes dunha autoestrada estatal sen apoiar a demanda do Goberno galego para que se revisen os acordos do Estado coa sociedade concesionaria, cuestionados polo Consello de Estado e polo Consello Consultivo de Galicia por favorecer á empresa fronte á cidadanía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:30  
**Nº Rexistro: 23757**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:30.906

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:27**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10208**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás medidas de prevención aplicadas pola Xunta de Galicia para evitar o contaxio pola covid-19 do persoal ao servizo da Administración pública galega”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre indicar que no suposto de positivos por COVID na Administración de xustiza en Galicia, a Xunta de Galicia observa o protocolo anti-COVID establecido a tal fin (protocolo elaborado como espello ao preparado polo Ministerio de Xustiza). E as decisións subseguintes tómanse polas autoridades sanitarias.

Así, tan pronto como se coñecen os casos, realízanse dúas actuacións:

1. Comunícanse á autoridade sanitaria, que é a competente para a posta en marcha do procedemento correspondente e a que decide, no seu caso, que se efectúen probas PCR a contactos próximos da persoa afectada e o confinamento destes.

2. Dáselle aviso á empresa adxudicataria do servizo de limpeza dos edificios xudiciais que procede á desinfección das zonas de traballo dos funcionarios así como as zonas de uso común. Este servizo é adicional ao de limpeza reforzada de desinfección diaria.

En canto a distribución dos EPIs, a Xunta de Galicia vén subministrando máscaras, luvas, dispensadores de hidroxel, pantallas faciais, contedores para EPIS usados, alfombrillas desinfectantes de zapatos nos accesos aos edificios xudiciais, ademais do fornecemento de 1.412 biombos de metacrilato nas oficinas xudiciais e 9.000 carteis adhesivos informativos sobre a capacidade do local, distancias de seguridade ou outras prevencións ditadas pola autoridade sanitaria.



Concretamente, no que atinxe ás máscaras FFP2, o envío mensual aos órganos galegos distribúese a través dos xuíces decanos de todos os partidos xudiciais en Galicia (ou do xuíz do xulgado único, de ser o caso) en atención ao persoal que practica as dilixencias de rúa, ascendendo o envío de máscaras FFP2 no que vai deste ano 2021 a 9.000, e sen prexuízo dos envíos ordinarios de máscaras cirúrxicas que realiza a Xunta de Galicia ás oficinas xudiciais e fiscais en Galicia e que superan o millón.

Como se ten pronunciado en medios o presidente do TSXG, “os órganos xudiciais son un espazo seguro onde non se producen contaxios, sendo que os casos de contaxios detectados se producen fóra da contorna das oficinas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:14  
**Nº Rexistro: 23755**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:14.797

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:10**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 12191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presentación dos estudos precisos para a liberalización das peaxes da autoestrada de competencia autonómica AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e a súa rebaixa para a totalidade das persoas usuarias”**, (publicada no BOPG número 113, do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A autoestrada do Val Miñor é unha das máis baratas de España, na que este ano, ademais, o Goberno galego rebaixou ou conxelou as súas tarifas.

Desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-57.

Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaixa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do cen por cen na viaxe de volta.







Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas aínda o pasado 29 de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:06  
**Nº Rexistro: 23754**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:06.094

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:01**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 12475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor”**, (publicada no BOPG número 113, do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As dúas autoestradas de titularidade da Xunta, a autoestrada do Val Miñor e a autoestrada A Coruña-Carballo, son as máis baratas de España, nas que este ano, ademais, o Goberno galego rebaixou ou conxelou as súas tarifas.

Desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-55 e a AG-57.

Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaixa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do cen por cen na viaxe de volta.



Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas aínda o pasado 29 de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:57  
**Nº Rexistro: 23753**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:57.359

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:54**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 12888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a mobilidade por medio de transporte público colectivo entre os concellos da comarca de Muros e Noia e as comarcas de Compostela e da Barbanza”**, (publicada no BOPG número 116, do 25 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En decembro de 2020, a Xunta de Galicia culminou a renovación integral de todo o transporte público de Galicia co obxectivo de ofrecerlle aos cidadáns servizos máis modernos e mellor adaptados ás necesidades da xente.

Unha completa modernización do transporte público da Xunta que, no caso concreto do Barbanza, supuxo incrementar en máis do 30% o número de rutas e en máis dun 50% as paradas; dotando aos veciños de mellores conexións cara a Santiago, pero tamén cunha mellor coordinación dos servizos entre os concellos da comarca do Barbanza. Mellores conexións, por exemplo, cara ao hospital de Barbanza no que existen 6 liñas con parada no citado centro sanitario que o comunican cos concellos da contorna: Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra e Boiro. Esta parada é empregada por 65 servizos cada día de luns a venres, 35 os sábados e 30 os domingos.

A Xunta de Galicia está a impulsar a creación dunha Área de Transporte de Galicia, a través dunha modificación do Plan de Transporte Público de Galicia, que permitirá estender todas as vantaxes das actuais Áreas de Transporte Metropolitano ao conxunto de todos os concellos de Galicia.

Ao incorporar a todos eses concellos ao esquema de bonificacións da Área de Transporte de Galicia, ademais de bonificacións directas a todas as viaxes, producirase unha



despenalización do custe dos transbordos, que incentivará aínda máis a demanda de uso no transporte público.

A Xunta tamén aposta por promover o uso do transporte público entre os máis novos. Para elo, desde o pasado 21 de maio, os menores de 21 anos, incluídos os da comarca do Barbanza, poden viaxar de balde nos autobuses interurbanos dependentes da administración autonómica co emprego da tarxeta Xente Nova. É dicir, coa tarxeta Xente Nova, todos os mozos galegos menores de 21 anos, vivan onde vivan, teñen dereito a realizar ata 60 viaxes ao mes gratis en calquera das máis de 3.300 liñas de autobús renovadas que xestiona a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:49  
**Nº Rexistro: 23752**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:49.641

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:46**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 13356**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a resolución das alegacións presentadas ao proxecto de trazado de circunvalación para Ribeira”**, (publicada no BOPG número 122, do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de febreiro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) publica no DOG o anuncio polo que se somete ao tramite de información pública o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da primeira fase da actuación na variante de Ribeira, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto de referencia.

Tras este anuncio, de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o proxecto de trazado sométese ao tramite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Paralelamente e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización das obras correspondentes ao citado proxecto, para que estes últimos poidan presentar cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos citados.



Por último, e segundo o disposto no artigo 33 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, durante este mesmo período sométese ao término de información pública o Estudo de impacto Ambiental do citado proxecto de trazado.

Hai que ter presente tamén que os prazos administrativos do trámite de información pública se suspenderon entre o 14 de marzo e o 1 de xuño como consecuencia da declaración, polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo covid-19, pospoñéndose o prazo de remate da Información pública.

Actualmente o principal acceso ao concello e contorna de Ribeira é a autovía AG-11 Padrón-Ribeira, que conecta coa AP-9 en Padrón e coa estrada autonómica AC-550 ao norte de Ribeira, á altura do polígono industrial de Xarás, mediante unha glorieta. Pola súa banda, o núcleo de Ribeira ten acceso a través de dúas estradas autonómicas, a AC-550 polo norte e a AC-305 pola costa. Ambas as estradas conflúen e finalizan no límite norte do casco urbano de Ribeira. Polo sur o acceso realizase mediante a estrada provincial DP-7307.

Un dos obxectivos do proxecto sometido a información pública é dotar o núcleo de Ribeira de novos accesos mediante un viario alternativo a AC-550, de xeito que dende a glorieta na que conflúen a AC-550 e a autovía AG-11 se conecte rapidamente co centro de Ribeira en cinco puntos distintos. Ao mesmo tempo, permitira unha saída rápida dende diversos puntos do centro de Ribeira cara á autovía AG-11 e á AC-550 na zona da glorieta do polígono de Xaras. Isto permitirá unha maior fluidez na circulación e desconxestionar as rúas do núcleo de Ribeira.

O proxecto cumpre tamén o obxectivo de conectar a estrada DP-7307 co centro de Ribeira en catro puntos distintos e coa glorieta de conexión da AC-550 e AG-11, permitindo que parte do tráfico que accede por esta estrada ao núcleo de Ribeira, ou sae del, non precise atravesar todo o núcleo senón que se desvíe directamente dende a avenida dos Airos á glorieta da AG-11 e AC-550, ou conecte coa zona de Cubeliños ou coa zona da rúa Ameneiros e a avenida da Constitución. Isto tamén permitira reducir o tráfico no centro de Ribeira e na AC-550.

O proxecto alternativo de circunvalación, ao que se refire a iniciativa, compórtase como unha variante das estradas provinciais e non como unha variante da estrada AC-550.





Recentemente, a petición do Concello de Ribeira, unha empresa independente realizou un estudo comparativo entre os distintos proxectos, no que, tras unha análise multicriterio, se conclúe que a mellor opción é o proxecto sometido a información pública pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Este informe pódese consultar na paxina web do Concello de Ribeira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:41  
**Nº Rexistro: 23751**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:41.641

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:38**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 13962**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para resolver os prexuízos ocasionados ao alumnado do ensino público obrigatorio do rural polo novo transporte integrado”**, (publicada no BOPG número 123, do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As liñas integradas xestionadas pola Xunta, teñen a cualificación de transporte público regular de uso xeral, dirixido a satisfacer unha demanda xeral de mobilidade e que, sen prexuízo da prioridade que ten o alumnado con dereito a transporte escolar gratuito, pode ser empregado por calquera persoa, polo cal, modificar a ruta actual, afectaría ao resto das persoas usuarias, co cal require un traballo minucioso de avaliación das solicitudes de paradas e modificacións que requiran a aprobación das mesmas, así como a tramitación dos correspondentes expedientes.

O traballo é continuo para manter actualizado o catálogo de paradas que serven os centros escolares. No momento en que o centro solicita a súa reactivación, indicando o número de alumnos existente, estas paradas reincorpóranse ás liñas.

A Xunta de Galicia está a realizar un seguimento intenso, e as modificacións que resulten oportunas, do funcionamento do transporte de escolares desde a posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia, no que se fixo unha reordenación da rede de transporte para atender as demandas de mobilidade do alumnado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:33  
**Nº Rexistro: 23750**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:33.656

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:30**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15638**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno Galego respecto do establecemento das peaxes na autovías de titularidade estatal e da transferencia da Autopista do Atlántico 9”**, (publicada no BOPG número 139, do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego lamenta que o Goberno de España lance mensaxes pouco claras sobre o pago polo uso das autovías sen presentar antes unha proposta concreta para poder ser abordada, debatida e dialogada coas Comunidades Autónomas, como grandes afectadas por esta medida.

A Xunta de Galicia oporase a que o Goberno de España implante calquera medida que agrave aínda máis a situación periférica de Galicia e merme a competitividade das súas empresas.

No que atinxe ás autoestradas de titularidade autonómica, a do Val Miñor (AG-57) e a da Coruña-Carballo (AG-55), desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-57.





Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaixa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do 100% na viaxe de volta.

Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas aínda o pasado 29 de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:00  
**Nº Rexistro: 23746**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:00.875

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:56

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17642**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto de circunvalación do concello de Ribeira para minimizar o impacto ambiental, paisaxístico e social”**, (publicada no BOPG número 166, do 7 de xullo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de febreiro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) publica no DOG o anuncio polo que se somete ao tramite de información pública o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da primeira fase da actuación na variante de Ribeira, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto de referencia.

Tras este anuncio, de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o proxecto de trazado sométese ao tramite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Paralelamente e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización das obras correspondentes ao citado proxecto, para que estes últimos poidan presentar cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos citados.



Por último, e segundo o disposto no artigo 33 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, durante este mesmo período sométese ao término de información pública o Estudo de impacto Ambiental do citado proxecto de trazado.

Hai que ter presente tamén que os prazos administrativos do trámite de información pública se suspenderon entre o 14 de marzo e o 1 de xuño como consecuencia da declaración, polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo covid-19, pospoñéndose o prazo de remate da Información pública.

Actualmente o principal acceso ao concello e contorna de Ribeira é a autovía AG-11 Padrón-Ribeira, que conecta coa AP-9 en Padrón e coa estrada autonómica AC-550 ao norte de Ribeira, á altura do polígono industrial de Xarás, mediante unha glorieta. Pola súa banda, o núcleo de Ribeira ten acceso a través de dúas estradas autonómicas, a AC-550 polo norte e a AC-305 pola costa. Ambas as estradas conflúen e finalizan no límite norte do casco urbano de Ribeira. Polo sur o acceso realizase mediante a estrada provincial DP-7307.

Un dos obxectivos do proxecto sometido a información pública é dotar o núcleo de Ribeira de novos accesos mediante un viario alternativo a AC-550, de xeito que dende a glorieta na que conflúen a AC-550 e a autovía AG-11 se conecte rapidamente co centro de Ribeira en cinco puntos distintos. Ao mesmo tempo, permitira unha saída rápida dende diversos puntos do centro de Ribeira cara á autovía AG-11 e á AC-550 na zona da glorieta do polígono de Xaras. Isto permitirá unha maior fluidez na circulación e desconxestionar as rúas do núcleo de Ribeira.

O proxecto cumpre tamén o obxectivo de conectar a estrada DP-7307 co centro de Ribeira en catro puntos distintos e coa glorieta de conexión da AC-550 e AG-11, permitindo que parte do tráfico que accede por esta estrada ao núcleo de Ribeira, ou sae del, non precise atravesar todo o núcleo senón que se desvíe directamente dende a avenida dos Airos á glorieta da AG-11 e AC-550, ou conecte coa zona de Cubeliños ou coa zona da rúa Ameneiros e a avenida da Constitución. Isto tamén permitira reducir o tráfico no centro de Ribeira e na AC-550.

O proxecto alternativo de circunvalación, ao que se refire a iniciativa, compórtase como unha variante das estradas provinciais e non como unha variante da estrada AC-550.





Recentemente, a petición do Concello de Ribeira, unha empresa independente realizou un estudo comparativo entre os distintos proxectos, no que, tras unha análise multicriterio, se conclúe que a mellor opción é o proxecto sometido a información pública pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Este informe pódese consultar na paxina web do Concello de Ribeira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:22:34  
**Nº Rexistro: 23736**  
Data envío: 15/10/2021 11:22:34.531

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:22:31**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17787**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para executar as obras da circunvalación de Cangas”**, (publicada no BOPG número 169, do 14 de xullo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción da Variante de Cangas, treito I: PO-551 – avenida de Marín, desenvolve o tramo priorizado polo Concello de Cangas a principios de 2015, que é o comprendido entre as glorietas 1 e 2 do trazado sometido a información pública en 2012, así como a conexión coa avenida de Marín.

Aínda que o custo inicialmente previsto para a execución desta obra era de 2,3 millóns de euros, finalmente o orzamento do proxecto construtivo da primeira fase supera os 6,6 millóns de euros. A razón deste incremento débese a que o estudo xeotécnico do proxecto identificou que a maior parte do terreo polo que discorre o trazado está saturado de auga, polo que hai que facer grandes saneamentos e cimentacións especiais para as estruturas.

Este enorme incremento do custo dificulta a viabilidade económica da obra. Pero a súa tramitación cuestionouse, sobre todo, tras as dúbidas do Concello de Cangas sobre o seu trazado, que se modificaba na proposta de Plan Xeral de Ordenación Municipal que se fixo pública no ano 2018. Ata o punto de que, se o Concello opta por esta modificación de trazado, habería que reiniciar toda a tramitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:22:19  
**Nº Rexistro: 23735**  
Data envío: 15/10/2021 11:22:19.812

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:22:08

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta en Pleno número: 9017, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012**”, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, suspendeu a aplicación dunha serie de artigos do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, entre eles o artigo 19.

O artigo 1º do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia establece o ámbito persoal e territorial: “Este convenio colectivo establece re regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismo autónomos.”

O V convenio colectivo único, non é exclusivo da Consellería de Política Social, senón que afecta a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nos centros da Consellería de Política Social hai protocolos supervisados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e unhas avaliacións de riscos laborais en consonancia cos protocolos. Os centros contan coas medidas e cos equipos de protección oportunos.

Os traballadores do ámbito da política social teñen reguladas as súas condicións de traballo polo V convenio colectivo. Desde a Consellería de Política Social e por suposto desde os seus centros de atención sociosanitaria respétanse as disposicións contidas no citado convenio e na normativa laboral aplicable.





Os centros dispoñen de protocolos de actuación específicos fronte ao Covid. Os servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia elaboraron as avaliacións de riscos en base a eses protocolos e realizaron cursos de prevención entre os efectivos dos centros. Por outra banda, nos centros de política social existen EPIS suficientes e axeitados.

En consecuencia, desde a administración fíxose todo o posible porque as condicións laborais foran as mellores na situación de pandemia que estamos a vivir.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 13:58:58  
**Nº Rexistro: 23804**  
Data envío: 15/10/2021 13:58:58.826

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 13:58:54**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9684** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de dotar de material de protección fronte á covid-19, como as máscaras FFP2, o persoal do servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Dende o inicio da pandemia provocada pola COVID-19, o Goberno galego traballou para protexer ao sectores máis vulnerables dun posible contaxio.

Unha das medidas adoptadas foi a de dotar ao persoal máis exposto ao virus COVID-19 de material e equipos de protección, que non só serviu para mellorar a súa seguridade durante a xornada laboral, senón tamén a das galegas e galegos que recibían asistencia.

O Goberno galego proporcionou ás entidades locais elementos cos que o persoal de servizos municipais, como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), puidesen continuar desenvolvendo as súas funcións con absoluta seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:39  
**Nº Rexistro: 23758**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:39.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:36

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta en Pleno **número: 13968**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia”**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatibilícea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir.



Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolverlas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 13:58:41  
**Nº Rexistro: 23802**  
Data envío: 15/10/2021 13:58:41.232

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 13:58:34**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14119**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para impulsar a reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Laracha”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatibilícea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir. Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de





traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolveras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:26  
**Nº Rexistro: 23749**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:26.094

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:22**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta en Pleno **número: 14167**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as irregularidades reflectidas no informe de fiscalización elaborado polo Consello de Contas de Galicia respecto das residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta puxo en marcha medidas concretas para conter o avance do coronavirus nos centros residencias. Deste xeito, todas as residencias contaron con:

- Protocolos de actuación antes que o conxunto de España;
- Material de protección;
- Plans de continxencia para actuar cando aparecen casos ou gromos;
- Inspeccións conxuntas entre a Consellería de Sanidade e Política Social;
- Cribados semanais por PCR no 100% das residencias;
- Test de antíxenos á disposición de todos os centros;
- Estudo serolóxico en todos os centros;
- Unha auditoría intensiva ao longo de 15 días, para verificar o cumprimento dos protocolos e das medidas de protección por parte de todas as residencias de Galicia;
- Ou con equipos de intervención rápida para actuar coa máxima velocidade e atallar o avance do virus nunha residencia intervida pola Xunta.

Asemade, todas as residencias estiveron tuteladas polas autoridades sanitarias.



Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, o Goberno galego actuou chegando á intervención do centro cando foi preciso e seguindo sempre criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos.

No que respecta á labor inspectora nos centros residenciais, esta desenvólvese con rigorosidade e dilixencia. Dita labor non se interrompeu nin sequera nos momentos máis álxidos da crise sanitaria, posto que seguiu realizando inspeccións, nalgúns casos cun horario moi por encima da xornada laboral.

A figura do persoal inspector atópase regulada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento, estando ademais concretados e asignados os postos na relación de postos de traballo para tal función. Na actualidade hai 17 persoas que desenvolven o labor de inspección de servizos sociais nas diferentes áreas: servizos comunitarios e inclusión social, maiores, discapacidade e dependencia e familia e menores, que cumpren cos requisitos esixidos na relación de postos de traballo para poder desenvolver o dito labor. Ademais hai 12 funcionarios de Administración Xeral na unidade administrativa correspondente, ademais do apoio de diverso persoal nas xefaturas territoriais correspondentes.

Para realizar un labor cun obxecto tan amplo, estanse tomando as seguintes medidas:

- Contratación de persoal interino de apoio para a preparación, instrución e tramitación de expedientes sancionadores. Téñase en conta a este respecto que existe unha maior dificultade na tramitación posterior ás denuncias e ás inspeccións en canto a persoal se refire que non nas asignacións ao persoal da mesma visita.
- Cobertura mediante comisión de servizos dos postos de inspección vacantes en canto non sexan cubertos co sistema ordinario do concurso de traslados.





- E o día 20 de maio comezou unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública que provee e habilita para a función inspectora.

Con carácter xeral, aqueles centros que presentaban incumprimentos previos, nótase unha mellora continua no seu funcionamento e na prestación dos servizos.

Por último, a Xunta está a traballar no novo modelo de residencias, co fin de seguir mellorando a atención e calidade de vida das persoas maiores e con discapacidade. O deseño deste novo modelo residencial conta con representación de todos os ámbitos implicados: traballadores sociais, arquitectos, persoal médico e de enfermaría, familiares de usuarios etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 13:58:16  
**Nº Rexistro: 23800**  
Data envío: 15/10/2021 13:58:16.748

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 13:58:08

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta en Pleno número: **14259**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000. A estas 8.000 prazas hai que sumarlle máis de 5.700 Bonos Residencia para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran mentres se atopan á espera dunha praza pública.

Ademais, Galicia multiplicou por case catro as prazas en centros de día, pasando das 983 no 2009 a máis de 3.800 que existen na actualidade.

En relación ao concello de A Estrada conta cun total de 90 prazas públicas para maiores: 40 prazas na residencia de maiores da Xunta, 20 prazas no centro de día municipal (que abriu no 2019), 20 bonos para residencia ou centro de día e 10 prazas xestionadas con fondos públicos na Unidade Terapéutica para persoas con Alzheimer.

Ademais, o concello da Estrada ten máis de 67.000 horas anuais de SAF asignadas polas que a Xunta achega máis de 650.000€

Por outro lado, o concello da Estrada está integrado na comarca de Tabeirós-Terra de Montes que conta cun centro de día con 30 prazas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:39  
**Nº Rexistro: 23780**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:39.545

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:36

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14508**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do traslado aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020 xunto co informe referido ao peche do exercicio orzamentario”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez elevado e aprobado polo Consello reitor da Axencia tributaria de Galicia o pasado 23 de xullo a ATRIGA publicou o seu informe xeral de actividades correspondente ao ano 2020.

Así mesmo a directora xeral da Axencia, compareceu o 24 de setembro para dar conta de dito informe unha vez que estando previsto para o día 10 de setembro isto no foi posible por razóns médicas.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia destacou que no ano 2020:

- un total de 43.125 familias se beneficiaron da suspensión para a presentación de impostos posta en marcha pola Xunta no ano 2020 por mor da covid-19.
- o Goberno galego decidiu suspender entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 os prazos para a presentación das autoliquidacións do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD); de Sucesións e Doazóns (ISD) e os tributos do xogo co fin de proporcionar á cidadanía facilidades para cumprir coas súas obrigas tributarias nun contexto marcado pola pandemia do coronavirus.



- 100.637 galegos recibiron unha herdanza o ano pasado e non pagaron nin un euro polo imposto de Sucesións e Doazóns grazas á rebaixa fiscal aprobada polo Goberno galego que deixa libre de tributación a máis do 99% dos contribuíntes cando reciben unha herdanza dun familiar directo.

- 19.644 galegos beneficiáronse do programa 'Impostos cero no rural', posto en marcha pola Xunta en 2016 co obxectivo de dinamizar o medio rural, promover a mobilidade de terras e fixar poboación nas zonas non urbanas. Ademais, outros 11.827 beneficiáronse das baixadas de tipos para as adquisicións de vivenda habitual con límite de patrimonio; a adquisición de vivendas por determinados colectivos (familias numerosas, persoas con discapacidade e mozos), e para a adquisición de vivendas situadas en parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas.

- grazas ás baixadas aprobadas pola Xunta no Imposto de Sucesións e Doazóns e no ITP-AXD, os fogares galegos aforraron no ano 2020, 136 millóns de euros. Estes 136 millóns son recursos que quedaron en mans das familias galegas co obxectivo de reactivar o consumo interno, evitar o despoboamento nas zonas pouco poboadas e manter íntegro o patrimonio dos fogares en caso de perda dun familiar directo.

-E que no ano 2020 o 96% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega foron correctas e non precisaron modificacións, polo que se confirma que a 'meirande parte dos galegos e das galegas cumpre coas súas obrigas tributarias'.

Finalmente, a Directora destacou que neste ano 2021 o seu organismo:

- continúa avanzando coa finalidade de contribuír a garantir a prestación dos servizos públicos aos cidadáns e destacou algunhas das actuacións postas en marcha. Neste marco explicou que desde o mes de maio deste ano, os servizos que se prestaban mediante o sistema de cita previa completáronse coa posibilidade de poder solicitar unha cita para obter de maneira telefónica información tributaria xeral ou para a asistencia na confección on line dos modelos. Entre maio e setembro, a ATRIGA atendeu máis de 3.000 citas.



-unificouse a atención telefónica nun número único de *Información ao contribuínte* co fin de mellorar e facilitar o acceso dos cidadáns á información tributaria ao través do que se atenderon máis de 35.000 chamadas.

-E a ATRIGA tamén universalizou a posibilidade de que calquera cidadán puidese aboar on line, -a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta de crédito ou débito- todos os ingresos xestionados por este organismo, para evitar os desprazamentos ás oficinas bancarias. Desde a súa implantación efectuáronse case 23.000 operacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 23805**  
Data envío: 15/10/2021 14:25:15.060

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 14:25:10

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14516** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos requisitos exixidos na normativa establecida para os casos de persoas con demencia usuarias de centros de atención residencial”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Con carácter xeral, a normativa que regula os requisitos de persoal é a recollida na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Esta Orde recolle como requisitos de persoal para residencias de maiores, unha rateo mínima de persoal de atención directa, entendendo por tal a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario, de 0,20 por persoas usuarias en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes.

Na regulación non existe ningunha especificación para o caso de persoas dependentes con demencias. A única singularidade respecto das persoas afectadas de demencia na norma é a que fai referencia aos requisitos das habitacións nos centros residenciais, para as que se indica que deberán ter unha capacidade máxima de dúas prazas e estar localizadas nunha zona específica reservada para elas, debendo existir un mínimo dunha habitación individual por cada doce prazas.

A Consellería de Política Social, xa antes da crise sanitaria da COVID-19, estaba a traballar na mellora destes criterios de calidade pensando nas persoas con deterioro cognitivo. Así na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciuse, a través do artigo



31 da mesma, modificouse o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. O obxecto desta modificación foi incorporar os servizos de supervisión e apoios puntuais, cohousing e unidades psioxeriatricas.

Estas unidades psioxeriatricas concibíronse como zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial. E estaban pensadas, na etapa pre-Covid, como unha novidade que se ía testar coas sete residencias do Plan como na casa. Non obstante quedou afectado, como todos os servizos e actividades da nosa sociedade, pola COVID-19. Polo que as unidades psioxeriatricas forman parte do conxunto de servizos e prestacións que se están a analizar e replantexar dentro do novo modelo de atención residencial no que están a traballar a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria e o Comité Asesor Sociosanitario.

No ámbito da atención diúrna existe unha regulación propia para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. Os centros de atención diúrna, con carácter xeral e segundo recolle a Orde do 18 de abril de 1996, deben cumprir unha rateo de persoal de atención directa en réxime continuado de 1 por cada 10 persoas usuarias, con un mínimo de dúas persoas traballadoras, garantíndose, sempre que sexa preciso, a asistencia de médico, axudante técnico sanitario ou diplomado universitario en enfermería, fisioterapeuta e psicólogo.

No que atinxe ás persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas dentro da Rede Galega de Centros de Día de Atención Social segue en vigor os requisitos recollidos no Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a esta Rede.

Os requisitos que a normativa esixe para atención residencial a persoas maiores, e en particular para aquelas con demencia ou deterioro cognitivo, son obxecto de control por parte da Inspección de Servizos Sociais. Na obtención do permiso de inicio de actividades verificase o cumprimento tanto das condicións materiais e arquitectónicas como os requisitos de persoal. Esta supervisión mantense no tempo coas inspeccións ordinarias e extraordinarias nas que se comprobaban as instalacións, o respecto aos dereitos das persoas usuarias e os recursos humanos do servizo. No caso de observarse algún incumprimento susceptible de ser cualificado como





unha infracción das tipificadas no título IX da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, procédese a apertura do procedemento sancionador.

Respecto das situacións de demencia e deterioro cognitivo dentro do contexto de atención residencial, compre dicir que as persoas usuarias caracterízanse cada vez máis por un alto grado de dependencia. As persoas maiores mostran unha preferencia por permanecer no seu entorno habitual de convivencia e só demandan os servizos residenciais cando elas, ou os seus familiares, son conscientes da imposibilidade de recibir uns coidados axeitados no seu propio fogar. Estas reflexións non saen da análise dun estudo estatístico senón que son o resultado da valoración, caso por caso, dentro do sistema de atención á dependencia.

O plan de atención individualizada que se fai de cada residente, revísase como mínimo anualmente. Esta revisión é obrigatoria ante calquera variación significativa da súa situación.

No que respecta á suficiencia de persoal de Inspección, na análise de necesidades e recursos da Inspección de servizos sociais atopámonos cunha esixencia ilimitada. Por máis control que se exerza sobre os servizos sociais sempre será desexable unha maior frecuencia e profundidade na labor inspectora. A día de hoxe o número de inspectores dedicados a área de persoas maiores e persoas con discapacidade é case o dobre que no ano 2008”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:09  
**Nº Rexistro: 23747**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:09.047

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:05**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta en Pleno **número: 14754**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as declaracións da conselleira de Política Social referidas ao incremento nun 4% do número de menores tutelados pola Xunta de Galicia como consecuencia da crise económica e social derivada da pandemia”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvolto polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que “a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo”.

Neste sentido, a Consellería de Política Social vén apostando nos últimos anos polo acollemento familiar, realizando un intenso traballo de cara á potenciación deste recurso de protección e á mellora das condicións nas que as familias acolledoras afrontan este reto tan importante e impagable. De feito, nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 incrementouse, despois de varios anos, a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia. E nese mesmo ano 2017 incrementouse a remuneración dos



acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Un ano máis tarde, no 2018 mantívose a liña de reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42%). Ademais, nese ano mellorouse o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros.

Na actualidade, o 100% das familias acolledoras en Galicia perciben a remuneración por acollemento, tanto as familias alleas como extensas e con independencia do nivel de renda de cada unha delas.

Con todo, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:22  
**Nº Rexistro: 23778**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:22.466

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:19**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15708**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas prevista pola consellería competente, respecto dos e das usuarias positivas por covid na residencia DomusVi de Chantada”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos, como o de Chantada, prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de establecer zonas e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios, atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.



No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter o gromo, así como as medidas de illamento contempladas, estas foron as contempladas no Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:35  
**Nº Rexistro: 23743**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:35.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:31

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15714** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da consellería competente en relación á evacuación de persoas usuarias das residencias positivas en covid-19”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de zonificar e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.

No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter os gromos, así como as medidas de illamento contempladas, séguense as contempladas no Protocolo conxunto da



Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:18  
**Nº Rexistro: 23741**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:18.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:14

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15744** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo público de titularidade municipal. Aínda así, a Xunta de Galicia axuda no seu financiamento e cobre a maior parte do seu custo.

O Goberno autonómico financia o 70% do custe total do servizo mentres que o 30% restante é cofinanciado entre o Concello e o propio usuario.

A Xunta comprometeuse coa Fegamp a revisar a achega que fai a Administración autonómica a este servizo.

É necesario incrementar os fondos para o SAF, por iso a Xunta de Galicia reforzou este ano o servizo cun investimento en toda Galicia de 83,6 M€, case un 10% máis que en 2020.

Con este incremento orzamentario, o Servizo de Axuda no Fogar reafírmase como un dos piares da atención á dependencia, o que fai de Galicia a comunidade con maior porcentaxe de atención a través deste servizo: preto do 33%, o que supón o dobre que a media nacional.

Este incremento na achega sería maior se o Estado cumprise coa Lei e achegase o 50% dos fondos, en vez do 24% que achega do total.



En relación á previsión da Consellería de Política Social de incrementar o número de horas do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín informar que con data 27 de maio de 2021 e atendendo a petición cursada polo concello, a Xunta de Galicia incrementou a asignación anual de horas ao concello de Punxín en 1.632 horas para a atención de todas as persoas incluídas no PAR (programa de asignación de recurso)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:00  
**Nº Rexistro: 23739**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:00.266

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:22:56**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta en Pleno **número: 15957**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro do centro de menores Santo Anxo Rábade**”, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A principios do pasado mes de maio, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social mantiveron un encontro de traballo con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo da Garda de Rábade.

Nesta xuntanza, que tivera que ser aprazada con anterioridade por mor da situación sanitaria, realizouse de xeito presencial e se abordaron cuestións relativas ao funcionamento do centro, cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes na mesma.

Todos os implicados compartiron o interese por garantir o bo funcionamento do centro e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel. Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.

Neste sentido, nesta xuntanza trasladouse aos traballadores que nos últimos meses e dentro da competencia da Entidade Pública para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que o centro Santo Anxo de Rábade sexa o centro idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores, de xeito que se continúe garantindo a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades.

Froito deste encontro coas traballadoras do centro, tamén se actualizan protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros.



Completan todas estas actuacións, os contactos que se realizan coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo.

Por último, cómpre reiterar que esta Administración está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento nesta materia, e como continuación desta primeira xuntanza, están previstos máis encontros entre a Xunta de Galicia e as traballadoras para continuar abordando este tema co obxectivo sempre de mellorar o funcionamento do centro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:11  
**Nº Rexistro: 23777**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:11.091

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:03**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª- **número 7878**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as peaxes da autoestrada AP-9**”, (publicada no BOPG número 80, do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo continuo da Xunta de Galicia contribuíu a que os galegos visen cumprido o pasado 29 de xullo o compromiso do Goberno central, anunciado en outubro de 2020, de rebaixar as peaxes da AP-9. En todo caso, as bonificacións autorizadas non acadan a contía de 63 millóns de euros recollida nos Presupuestos Generales del Estado, nin tiveron en conta a proposta feita polo Goberno galego para o caso dos vehículos pesados, polo que a rebaixa da peaxe que se aplica para este colectivo é claramente insuficiente, como ten manifestado o propio sector e como teñen demostrado xa outras experiencias previas.

No que atinxe á transferencia da titularidade desta autoestrada, a Xunta mantén dende 2009 a mesma postura. Ademais de avogar por esa transferencia para acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos, defende que o traspaso da titularidade veña acompañado dos recursos económicos e técnicos necesarios para a correcta xestión da AP-9 ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes de execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:26:05  
**Nº Rexistro: 23761**  
Data envío: 15/10/2021 11:26:05.000

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:26:01**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 7967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57”**, (publicada no BOPG número 80, do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As dúas autoestradas de titularidade da Xunta, a autoestrada do Val Miñor e a autoestrada A Coruña-Carballo, son as máis baratas de España, nas que este ano, ademais, o Goberno galego rebaixou ou conxelou as súas tarifas.

Desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-55 e a AG-57.

Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaixa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do 100% na viaxe de volta.



Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas aínda o pasado 29 de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:56  
**Nº Rexistro: 23760**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:56.797

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:52

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 8079**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9”**, (publicada no BOPG número 80, do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo continuo da Xunta de Galicia contribuíu a que os galegos visen cumprido o pasado 29 de xullo o compromiso do Goberno central, anunciado en outubro de 2020, de rebaixar as peaxes da AP-9. En todo caso, as bonificacións autorizadas non acadan a contía de 63 millóns de euros recollida nos Presupuestos Generales del Estado, nin tiveron en conta a proposta feita polo Goberno galego para o caso dos vehículos pesados, polo que a rebaixa da peaxe que se aplica para este colectivo é claramente insuficiente, como ten manifestado o propio sector e como teñen demostrado xa outras experiencias previas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:48  
**Nº Rexistro: 23759**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:48.281

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:43**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta en Comisión **número: 8353**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a garantía por parte do Goberno galego, por escrito, da xestión exclusivamente pública e directa no futuro centro de atención ás persoas con discapacidade de Ourense e o procedemento previsto para a selección do persoal e equipamento do centro”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O futuro CAPD de Ourense será un equipamento público titularidade da Xunta de Galicia e suporá unha importantísima mellora na atención á discapacidade, pois incrementará nun 35% o número de prazas públicas na cidade das Burgas.

O centro disporá dun total de 110 prazas públicas, das cales 80 serán de carácter residencial e 30 de atención de día.

O número de efectivos de persoal co que contará o centro fixarase en función do tipo e grao de discapacidade e o perfil das necesidades específicas das persoas usuarias.

Como non pode ser doutra forma, todos os procedementos relativos á construción, equipamento e posta en funcionamento do centro faranse de acordo coas esixencias legais, cumpríndose coa normativa galega de servizos sociais e a restante normativa xeral que lle é de aplicación.

Debe de terse en conta que a creación dun centro asistencial destas características é un procedemento complexo, e require duns procedementos tamén complexos cuxos requisitos e prazos non se poden obviar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:55  
**Nº Rexistro: 23782**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:55.248

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:51**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta en Comisión número: 8397, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración que fai o Goberno galego da ratio de persoal establecida na normativa vixente para as residencias de persoas maiores, así como as súas previsións respecto da modificación dos criterios e requisitos específicos exigibles para estes centros”, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A normativa vixente establece unhas ratios óptimas para prestar un servizo de calidade, estando á vangarda de ratios a nivel nacional.

É importante destacar que moitas residencias da Consellería de Política Social están por riba da ratio indicada o que mellora a dotación de persoal e permite ter en todo momento cubertas as necesidades mínimas de persoal en caso de goce de permisos ou substitucións de baixa laboral.

A Consellería de Política Social atende ás necesidades das residencias neste sentido foi necesario reforzar o persoal, máis alá das ratios mínimas, dada a situación de pandemia na que actualmente estamos, con fin de minimizar a posibilidade de contaxios e poder cumprir escrupulosamente os actuais protocolos anticovid.

Sen prexuízo do anterior, o Goberno galego está a traballar no deseño dun novo modelo residencial que incluírá cambios arquitectónicos, tecnolóxicos e de recursos humanos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 16:30:00  
**Nº Rexistro: 23806**  
Data envío: 15/10/2021 14:25:24.748

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 14:25:20

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **9685** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de dotar de material de protección fronte á covid-19, como as máscaras FFP2, e de realizar probas PCR periódicas ao persoal e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como as súas previsións referidas á inclusión das súas traballadoras, con carácter prioritario, no plan galego de vacinación”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Dende o inicio da pandemia provocada pola COVID-19, o Goberno galego traballou para protexer ao sectores máis vulnerables dun posible contaxio.

Unha das medidas adoptadas foi a de dotar ao persoal máis exposto ao virus COVID-19 de material e equipos de protección, que non só serviu para mellorar a súa seguridade durante a xornada laboral, senón tamén a das galegas e galegos que recibían asistencia.

O Goberno galego proporcionou ás entidades locais elementos cos que o persoal de servizos municipais, como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), puidesen continuar desenvolvendo as súas funcións con absoluta seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:47  
**Nº Rexistro: 23781**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:47.216

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:44**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10206**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás medidas de prevención aplicadas pola Xunta de Galicia para evitar o contaxio pola covid-19 do persoal ao servizo da Administración pública galega”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre indicar que no suposto de positivos por COVID na Administración de xustiza en Galicia, a Xunta de Galicia observa o protocolo anti-COVID establecido a tal fin (protocolo elaborado como espello ao preparado polo Ministerio de Xustiza). E as decisións subseguintes tómanse polas autoridades sanitarias.

Así, tan pronto como se coñecen os casos, realízanse dúas actuacións:

1. Comunícanse á autoridade sanitaria, que é a competente para a posta en marcha do procedemento correspondente e a que decide, no seu caso, que se efectúen probas PCR a contactos próximos da persoa afectada e o confinamento destes.
2. Dáselle aviso á empresa adxudataria do servizo de limpeza dos edificios xudiciais que procede á desinfección das zonas de traballo dos funcionarios así como as zonas de uso común. Este servizo é adicional ao de limpeza reforzada de desinfección diaria.

En canto a distribución dos EPIs, a Xunta de Galicia vén subministrando máscaras, luvas, dispensadores de hidroxel, pantallas faciais, contedores para EPIS usados, alfombrillas desinfectantes de zapatos nos accesos aos edificios xudiciais, ademais do fornecemento de 1.412 biombos de metracrilato nas oficinas xudiciais e 9.000 carteis adhesivos informativos sobre a capacidade do local, distancias de seguridade ou outras prevencións ditadas pola autoridade sanitaria.



Concretamente, no que atinxe ás máscaras FFP2, o envío mensual aos órganos galegos distribúese a través dos xuíces decanos de todos os partidos xudiciais en Galicia (ou do xuíz do xulgado único, de ser o caso) en atención ao persoal que practica as dilixencias de rúa, ascendendo o envío de máscaras FFP2 no que vai deste ano 2021 a 9.000, e sen prexuízo dos envíos ordinarios de máscaras cirúrxicas que realiza a Xunta de Galicia ás oficinas xudiciais e fiscais en Galicia e que superan o millón.

Como se ten pronunciado en medios o presidente do TSXG, “os órganos xudiciais son un espazo seguro onde non se producen contaxios, sendo que os casos de contaxios detectados se producen fóra da contorna das oficinas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:25:22  
**Nº Rexistro: 23756**  
Data envío: 15/10/2021 11:25:22.719

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:25:19**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta en Comisión **número: 13965**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o contido dos proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos Next Generation**”, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatíbea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir.





Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolverlas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 13:58:49  
**Nº Rexistro: 23803**  
Data envío: 15/10/2021 13:58:49.763

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 13:58:46

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14120**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao proxecto de reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Laracha, así como as razóns da Xunta de Galicia para o seu impulso”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatibilícea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir. Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de



traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolverlas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:24:18  
**Nº Rexistro: 23748**  
Data envío: 15/10/2021 11:24:18.234

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:24:14**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta en Comisión **número: 14164**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa crise sanitaria xerada pola covid-19 nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta puxo en marcha medidas concretas para conter o avance do coronavirus nos centros residencias. Deste xeito, todas as residencias contaron con:

- Protocolos de actuación antes que o conxunto de España;
- Material de protección;
- Plans de continxencia para actuar cando aparecen casos ou gromos;
- Inspeccións conxuntas entre a Consellería de Sanidade e Política Social;
- Cribados semanais por PCR no 100% das residencias;
- Test de antíxenos á disposición de todos os centros;
- Estudo serolóxico en todos os centros;
- Unha auditoría intensiva ao longo de 15 días, para verificar o cumprimento dos protocolos e das medidas de protección por parte de todas as residencias de Galicia;
- Ou con equipos de intervención rápida para actuar coa máxima velocidade e atallar o avance do virus nunha residencia intervida pola Xunta.

Asemade, todas as residencias estiveron tuteladas polas autoridades sanitarias.



Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, o Goberno galego actuou chegando á intervención do centro cando foi preciso e seguindo sempre criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos.

No que respecta á labor inspectora nos centros residenciais, esta desenvólvese con rigorosidade e dilixencia. Dita labor non se interrompeu nin sequera nos momentos máis álxidos da crise sanitaria, posto que seguiu realizando inspeccións, nalgúns casos cun horario moi por encima da xornada laboral.

A figura do persoal inspector atópase regulada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento, estando ademais concretados e asignados os postos na relación de postos de traballo para tal función. Na actualidade hai 17 persoas que desenvolven o labor de inspección de servizos sociais nas diferentes áreas: servizos comunitarios e inclusión social, maiores, discapacidade e dependencia e familia e menores, que cumpren cos requisitos esixidos na relación de postos de traballo para poder desenvolver o dito labor. Ademais hai 12 funcionarios de Administración Xeral na unidade administrativa correspondente, ademais do apoio de diverso persoal nas xefaturas territoriais correspondentes.

Para realizar un labor cun obxecto tan amplo, estanse tomando as seguintes medidas:

- Contratación de persoal interino de apoio para a preparación, instrución e tramitación de expedientes sancionadores. Téñase en conta a este respecto que existe unha maior dificultade na tramitación posterior ás denuncias e ás inspeccións en canto a persoal se refire que non nas asignacións ao persoal da mesma visita.
- Cobertura mediante comisión de servizos dos postos de inspección vacantes en canto non sexan cubertos co sistema ordinario do concurso de traslados.



- E o día 20 de maio comezou unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública que provee e habilita para a función inspectora.

Con carácter xeral, aqueles centros que presentaban incumprimentos previos, nótase unha mellora continua no seu funcionamento e na prestación dos servizos.

Por último, a Xunta está a traballar no novo modelo de residencias, co fin de seguir mellorando a atención e calidade de vida das persoas maiores e con discapacidade. O deseño deste novo modelo residencial conta con representación de todos os ámbitos implicados: traballadores sociais, arquitectos, persoal médico e de enfermaría, familiares de usuarios etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 13:58:29  
**Nº Rexistro: 23801**  
Data envío: 15/10/2021 13:58:29.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 13:58:25

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Comisión **número: 14751**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as declaracións da conselleira de Política Social referidas ao incremento do número de menores tutelados pola Xunta de Galicia como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como respecto das medidas adoptadas para axudar as familias en situación de pobreza e exclusión social e en risco de ruptura da unidade familiar”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvolto polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que “a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo”.

Neste sentido, a Consellería de Política Social vén apostando nos últimos anos polo acollemento familiar, realizando un intenso traballo de cara á potenciación deste recurso de



protección e á mellora das condicións nas que as familias acolledoras afrontan este reto tan importante e impagable. De feito, nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 incrementouse, despois de varios anos, a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia. E nese mesmo ano 2017 incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Un ano máis tarde, no 2018 mantívose a liña de reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42%). Ademais, nese ano mellorouse o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros.

Na actualidade, o 100% das familias acolledoras en Galicia perciben a remuneración por acollemento, tanto as familias alleas como extensas e con independencia do nivel de renda de cada unha delas.

Con todo, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta.

Por outro lado, o compromiso do Goberno galego na loita contra a pobreza e a exclusión social vese reflexado nos orzamentos do ano 2021. Así os fondos que se dedican á paliar a pobreza ascenden a 125,5 M€ un 4,5% máis que no ano 2020.





Entre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para axudar ás familias en situación de pobreza e exclusión social, están:

- Os fondos dedicados á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) que ascenden a 64,4 M€;
- As axudas de Inclusión Social, que se incrementaron nun 35%, de 3,3 M€ a 4,5 M€;
- Os fondos para o tecido asociativo de loita contra a exclusión social, ao abeiro da orde de entidades 2020-2022, que é a máis elevada da historia, e que se incrementaron un 20%;
- A achega autonómica aos Bancos de Alimentos de Galicia incrementouse un 50%;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana;
- Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes;
- Ou o convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa LaCaixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 12:21:30  
**Nº Rexistro: 23779**  
Data envío: 15/10/2021 12:21:30.591

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 12:21:26

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- número 15647, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración do do uso da tarxeta Xente Nova”, (publicada no BOPG número 138, do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 19236, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 23 de setembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director de Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que un total de 101.512 menores de 21 anos viaxan xa de balde nos autobuses interurbanos da Xunta por toda Galicia coa tarxeta Xente Nova. Sinalou tamén que a expedición deste dispositivo incrementouse nun 25% coa súa universalización o pasado 21 de maio a toda a Comunidade.

A resposta completa do director de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:44  
**Nº Rexistro: 23744**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:44.016

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:40**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15709**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas prevista pola consellería competente, respecto dos e das usuarias positivas por covid na residencia DomusVi de Chantada”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos, como o de Chantada, prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de establecer zonas e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios, atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.





No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter o gromo, así como as medidas de illamento contempladas, estas foron as contempladas no Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:27  
**Nº Rexistro: 23742**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:27.359

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:23**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da consellería competente en relación ás restricións nas residencias motivadas por gromos de covid-19”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os gromos prodúcense nunhas condicións epidemiolóxicas diferentes as que se tiñan producido nos meses previos. Esta diferenza débese a que os usuarios das residencias xa están vacinados, polo que a inmensa maioría dos casos que se detectan son asintomáticos e non precisan coidados especiais, agás os habituais polas patoloxías que xa manifestaban previamente.

Por outra banda o número de afectados é baixo con respecto ao total dos residentes, polo que as residencias dispoñen de capacidade de establecer zonas e separar aos dous colectivos, sans e infectados, sen maiores repercusións na súa vida diaria que as limitacións de contacto entre eles.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas seguindo criterios puramente sanitarios, atendendo a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No caso dos usuarios asintomáticos, a decisión de derivalos a outros centros debe ser moi coidadosa e so se os criterios médicos así o determinan, xa que o desarraigamento coa súa contorna pode ter consecuencias graves e non desexadas no comportamento e na saúde mental dos residentes.



No que respecta ás restricións levadas a cabo para conter os gromos, así como as medidas de illamento contempladas, séguense as contempladas no Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

As medidas adoptadas serán, como non pode ser de outro xeito, as que ditaminen o comité de expertos nomeado para o seguimento e asesoramento da actual pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:09  
**Nº Rexistro: 23740**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:09.750

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:04**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15745**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo público de titularidade municipal. Aínda así, a Xunta de Galicia axuda no seu financiamento e cobre a maior parte do seu custo.

O Goberno autonómico financia o 70% do custe total do servizo mentres que o 30% restante é cofinanciado entre o Concello e o propio usuario.

A Xunta comprometeuse coa Fegamp a revisar a achega que fai a Administración autonómica a este servizo.

É necesario incrementar os fondos para o SAF, por iso a Xunta de Galicia reforzou este ano o servizo cun investimento en toda Galicia de 83,6 M€, case un 10% máis que en 2020.

Con este incremento orzamentario, o Servizo de Axuda no Fogar reafirmase como un dos piares da atención á dependencia, o que fai de Galicia a comunidade con maior porcentaxe de atención a través deste servizo: preto do 33%, o que supón o dobre que a media nacional.

Este incremento na achega sería maior se o Estado cumprise coa Lei e achegase o 50% dos fondos, en vez do 24% que achega do total.



En relación á previsión da Consellería de Política Social de incrementar o número de horas do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Punxín informar que con data 27 de maio de 2021 e atendendo a petición cursada polo concello, a Xunta de Galicia incrementou a asignación anual de horas ao concello de Punxín en 1.632 horas para a atención de todas as persoas incluídas no PAR (programa de asignación de recurso)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:22:51  
**Nº Rexistro: 23738**  
Data envío: 15/10/2021 11:22:51.828

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:22:48**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- número 17199, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración que fai o Goberno galego sobre o continuado atraso na tramitación da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma no Congreso dos Deputados e de que non se materializasen aínda as bonificacións comprometidas das peaxes”, (publicada no BOPG número 155, do 16 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo continuo da Xunta de Galicia contribuíu a que os galegos visen cumprido o pasado 29 de xullo o compromiso do Goberno central, anunciado en outubro de 2020, de rebaixar as peaxes da AP-9. En todo caso, as bonificacións autorizadas non acadan a contía de 63 millóns de euros recollida nos Presupuestos Generales del Estado, nin tiveron en conta a proposta feita polo Goberno galego para o caso dos vehículos pesados, polo que a rebaixa da peaxe que se aplica para este colectivo é claramente insuficiente, como ten manifestado o propio sector e como teñen demostrado xa outras experiencias previas.

No que atinxe á transferencia da titularidade desta autoestrada, a Xunta mantén dende 2009 a mesma postura. Ademais de avogar por esa transferencia para acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos, defende que o traspaso da titularidade veña acompañado dos recursos económicos e técnicos necesarios para a correcta xestión da AP-9 ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes de execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:22:43  
**Nº Rexistro: 23737**  
Data envío: 15/10/2021 11:22:43.125

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:22:38**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15646**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do do uso da tarxeta Xente Nova**”, (publicada no BOPG número 134, do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 19236, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 23 de setembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director de Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que un total de 101.512 menores de 21 anos viaxan xa de balde nos autobuses interurbanos da Xunta por toda Galicia coa tarxeta Xente Nova. Sinalou tamén que a expedición deste dispositivo incrementouse nun 25% coa súa universalización o pasado 21 de maio a toda a Comunidade.

A resposta completa do director de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDYxNWY5NDYtMTMyNC00YjNiLTkwNmEtNmQyMGM4OWRmNTZi&start=7861)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/10/2021 11:23:52  
**Nº Rexistro: 23745**  
Data envío: 15/10/2021 11:23:52.000

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2021 11:23:48**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16325**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**o balance que fai a Xunta de Galicia da evolución dos desequilibrios territoriais nos últimos once anos**”, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, con motivo do debate da pregunta 18651 que tivo lugar na sesión do 6 de outubro de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODJiNTE4YjUtYzA4NC00ZWE5LTgwOGUtODg5NWFFjMjNkYjJw&start=1440>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:25:49  
**Nº Rexistro: 23968**  
Data envío: 22/10/2021 13:25:49.983

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:25:46**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16727**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para e laborar un programa de termalismo social”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

A través de iniciativas como o programa Elixé Galicia dende a Xunta de Galicia veuse potenciando o desenvolvemento de programas de termalismo social. A maiores compre destacar a iniciativa ‘Verán Termal’, o programa de desestacionalización da oferta termal galega que veñen de lanzar a Xunta de Galicia e Asociación de Balnearios de Galicia de xeito conxunto ao abeiro dun convenio de colaboración co que se busca a promoción do turismo termal na nosa comunidade, a través de estadias en balnearios galegos durante o verán. A iniciativa inclúe propostas de estadias cun programa especial en 12 balnearios galegos situados nas catro provincias. En total ofértanse 792 prazas, 66 para cada un dos balnearios participantes.

Esta nova iniciativa encádrase no marco do Plan de Choque co que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia. A través desta iniciativa búscase fomentar a recuperación dun sector como o termal, referente para o sector turístico



galego pola súa calidade, diferenciación e capacidade de atracción turística, o que lle confire un valor estratéxico para a economía galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:25:24  
**Nº Rexistro: 23965**  
Data envío: 22/10/2021 13:25:24.265

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:25:20**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 11796**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre”**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está impulsando ante o Goberno central a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, co obxectivo de ter a competencia integral sobre o litoral galego. Así llo indicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao secretario de Estado de Medio Ambiente na reunión que mantiveron o pasado 7 de xullo, na que trataron esta demanda de Galicia.

A maiores compre resaltar que o goberno galego ten reclamado, por diferentes vías, a convocatoria da Comisión Mixta para abrir unha interlocución coa finalidade de analizar as materias susceptibles de traspaso á nosa Comunidade Autónoma, entre eles nomeadamente a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Tanto por carta como en cada reunión que os membros do goberno galego manteñen cos representantes do goberno central se está insistindo no interese que ten Galicia na apertura da Comisión.



No pasado mes de abril o anterior Ministro de Política Territorial e Función Pública manifestou por carta a súa vontade de iniciar os contactos pertinentes de cara á convocatoria da Comisión Mixta que dende o goberno galego esperamos se materialice nunha convocatoria formal por parte da actual Ministra e poidamos empezar a falar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:30:32  
**Nº Rexistro: 23999**  
Data envío: 22/10/2021 13:30:32.249

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:30:28

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 16725, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para e laborar un programa de termalismo social”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

A través de iniciativas como o programa Elixé Galicia dende a Xunta de Galicia veuse potenciando o desenvolvemento de programas de termalismo social. A maiores compre destacar a iniciativa ‘Verán Termal’, o programa de desestacionalización da oferta termal galega que veñen de lanzar a Xunta de Galicia e Asociación de Balnearios de Galicia de xeito conxunto ao abeiro dun convenio de colaboración co que se busca a promoción do turismo termal na nosa comunidade, a través de estadias en balnearios galegos durante o verán. A iniciativa inclúe propostas de estadias cun programa especial en 12 balnearios galegos situados nas catro provincias. En total ofértanse 792 prazas, 66 para cada un dos balnearios participantes.



Esta nova iniciativa encádrase no marco do Plan de Choque co que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia. A través desta iniciativa búscase fomentar a recuperación dun sector como o termal, referente para o sector turístico galego pola súa calidade, diferenciación e capacidade de atracción turística, o que lle confire un valor estratéxico para a economía galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:25:41  
**Nº Rexistro: 23967**  
Data envío: 22/10/2021 13:25:41.999

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:25:37**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 11665, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**cando vai acometer a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade as melloras de acondicionamento e seguridade das estradas PO-960 e PO-204 nos tramos que discorren polo concello de Vila de Cruces**”, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 11667, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 208, do 1 de outubro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:30:41  
**Nº Rexistro: 2400**  
Data envío: 22/10/2021 13:30:41.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:30:37

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª -número: 11800, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como a elaboración dun plan integral para conciliar os valores medioambientais, económicos, turísticos e paisaxísticos da costa galega”**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está impulsando ante o Goberno central a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, co obxectivo de ter a competencia integral sobre o litoral galego. Así llo indicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao secretario de Estado de Medio Ambiente na reunión que mantiveron o pasado 7 de xullo, na que trataron esta demanda de Galicia.

A maiores compre resaltar que o goberno galego ten reclamado, por diferentes vías, a convocatoria da Comisión Mixta para abrir unha interlocución coa finalidade de analizar as materias susceptibles de traspaso á nosa Comunidade Autónoma, entre eles nomeadamente a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Tanto por carta como en cada reunión que os membros do goberno galego manteñen cos representantes do goberno central se está insistindo no interese que ten Galicia na apertura da Comisión.



No pasado mes de abril o anterior Ministro de Política Territorial e Función Pública manifestou por carta a súa vontade de iniciar os contactos pertinentes de cara á convocatoria da Comisión Mixta que dende o goberno galego esperamos se materialice nunha convocatoria formal por parte da actual Ministra e poidamos empezar a falar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:30:23  
**Nº Rexistro: 23998**  
Data envío: 22/10/2021 13:30:23.858

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:30:20**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -**número: 11801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como a elaboración dun plan integral para conciliar os valores medioambientais, económicos, turísticos e paisaxísticos da costa galega”**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está impulsando ante o Goberno central a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, co obxectivo de ter a competencia integral sobre o litoral galego. Así llo indicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao secretario de Estado de Medio Ambiente na reunión que mantiveron o pasado 7 de xullo, na que trataron esta demanda de Galicia.

A maiores compre resaltar que o goberno galego ten reclamado, por diferentes vías, a convocatoria da Comisión Mixta para abrir unha interlocución coa finalidade de analizar as materias susceptibles de traspaso á nosa Comunidade Autónoma, entre eles nomeadamente a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Tanto por carta como en cada reunión que os membros do goberno galego manteñen cos representantes do goberno central se está insistindo no interese que ten Galicia na apertura da Comisión.



No pasado mes de abril o anterior Ministro de Política Territorial e Función Pública manifestou por carta a súa vontade de iniciar os contactos pertinentes de cara á convocatoria da Comisión Mixta que dende o goberno galego esperamos se materialice nunha convocatoria formal por parte da actual Ministra e poidamos empezar a falar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:30:14  
**Nº Rexistro: 23997**  
Data envío: 22/10/2021 13:30:14.343

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:30:10**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **16726**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para e laborar un programa de termalismo social”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

A través de iniciativas como o programa Elixé Galicia dende a Xunta de Galicia veuse potenciando o desenvolvemento de programas de termalismo social. A maiores compre destacar a iniciativa ‘Verán Termal’, o programa de desestacionalización da oferta termal galega que veñen de lanzar a Xunta de Galicia e Asociación de Balnearios de Galicia de xeito conxunto ao abeiro dun convenio de colaboración co que se busca a promoción do turismo termal na nosa comunidade, a través de estadias en balnearios galegos durante o verán. A iniciativa inclúe propostas de estadias cun programa especial en 12 balnearios galegos situados nas catro provincias. En total ofértanse 792 prazas, 66 para cada un dos balnearios participantes.





Esta nova iniciativa encádrase no marco do Plan de Choque co que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia. A través desta iniciativa búscase fomentar a recuperación dun sector como o termal, referente para o sector turístico galego pola súa calidade, diferenciación e capacidade de atracción turística, o que lle confire un valor estratéxico para a economía galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:25:32  
**Nº Rexistro: 23966**  
Data envío: 22/10/2021 13:25:32.718

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:25:28

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 19116**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 19114 que tivo lugar na sesión plenaria do 29 de setembro de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2M2NmJjMTktOTRkYy00MDk1LTgxNGYtNjMzMmZiNmQ5NTIk&start=12794>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:19:53  
**Nº Rexistro: 23954**  
Data envío: 22/10/2021 13:19:53.702

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:19:48**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre “**o custe total da renovación da imaxe da Xunta de Galicia**”, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi trasladada pola directora de Relacións Institucionais en Parlamentarias, en resposta oral á pregunta 20072 en Comisión, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 6 de outubro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Relacións Institucionais e Parlamentarias, entre outras cuestións, explicou a necesidade obxectiva de actualizar a imaxe institucional da Xunta de Galicia para adaptala aos cambios dixitais da última década, aos que ningunha Administración pode manterse allea, e na mesma senda que xa o fixeron outras comunidades como Castilla La Mancha ou La Rioja. Existe unha necesidade obxectiva na Administración actual, que demandaba unha imaxe de marca contemporánea para actualizar o último manual de 2009 xa desfasado.

Costa, Comunicación audiovisual foi a empresa encarga de desenvolver a renovación da identidade corporativa cun custo de 15.000 €, e a tipógrafa galega María Ramos (directiva da Asociación Galega de Deseñadores) a responsable da elaboración da nova tipografía para o novo manual de marca cun custo de 15.000 €.

A resposta completa da directora de Relacións institucionais e Parlamentarias pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTJkNWNiNGQtNDNmZi00N2Q0LTg0MmYtNGU1YTM1YzBkMzE5&start=4117>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTJkNWNiNGQtNDNmZi00N2Q0LTg0MmYtNGU1YTM1YzBkMzE5&start=4762>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:24:58  
**Nº Rexistro: 23962**  
Data envío: 22/10/2021 13:24:58.124

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:24:54**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20751**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a restauración da canteira de Casalonga, en Teo, e a expropiación dun viario para a súa explotación”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 20748 que tivo lugar na sesión do 5 de outubro de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTdmMTM2OTQtMjUzMC00NGI0LWI4YjEtNGEYyJdmZjkyY2Jk&start=6325>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:24:39  
**Nº Rexistro: 23960**  
Data envío: 22/10/2021 13:24:39.608

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:24:35**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 22474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os beneficios da Tarxeta Xente Nova para a mocidade galega”**, (publicada no BOPG número 207, do 30 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O carné xove é unha tarxeta persoal para a mocidade galega expedida pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

Con este documento, as persoas usuarias poden acceder a unha chea de descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

O Carné Xove inclúe descontos nos transportes para o tramo de idade do carné (isto é dos 12 aos 30 anos). Estes descontos poden consultarse na seguinte ligazón:

[http://xuventude.xunta.es/images/carneXove/guia/Transporte\\_por\\_Provincias\\_e\\_Alsa.pdf](http://xuventude.xunta.es/images/carneXove/guia/Transporte_por_Provincias_e_Alsa.pdf).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:23:57  
**Nº Rexistro: 23956**  
Data envío: 22/10/2021 13:23:57.921

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:23:50**

CSV: BOPGDSPG-Tb4Pe1sn6-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 22498**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o peche temporal do centro de día público de Chantada**”, (publicada no BOPG número 207, do 30 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A actividade dos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social, así como do resto de centros de día que non forman parte da rede pública autonómica, cesou o pasado 16 de marzo de 2020 en aplicación do “Protocolo conxunto da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus (COVID-19)”, e o posterior Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

A reapertura xeral destes centros de atención diurna, prodúcese o 15 de xullo de 2020, aplicándose as medidas que establecen as sucesivas actualizacións do devandito protocolo conxunto, e prestando especial atención á incorporación pautada de usuarios e á utilización pertinente dos diferentes espazos dentro dos centros de día.

Dende entón, o centro de día de Chantada retomou a súa actividade, sen que se rexistrara ningún peche por falla de persoal. Cabe salientar, neste sentido, que ningún dos centros da rede de atención a persoas maiores do Consorcio Galego veuse na necesidade de pechar ningún día debido á carencia de traballadores.

No caso do centro de día de Chantada, informouse do positivo por COVID dunha persoa usuaria o sábado, día 4 de setembro de 2021. O luns, día 6 de setembro, o centro é informado dun segundo caso de contaxio dunha persoa usuaria que esa xornada non acude o centro. De



acordo co protocolo de actuación e de maneira inmediata, o centro recibe a indicación, por parte da área sanitaria, de cesar preventivamente a súa actividade, coas correspondentes instrucións para a realización de probas diagnósticas extensivas a todos os usuarios e persoal do centro.

Así pois, o luns, 6 de setembro, en cumprimento das instrucións recibidas, o centro cesa a súa actividade, previa información a todas as persoas usuarias e as súas familias. Así mesmo, procédese ao traslado puntual das instrucións que ao longo dos vindeiros días ditaminou a área sanitaria.

O luns, 14 de setembro, cumpridas as pautas sanitarias recibidas ao longo deses sete días, e tendo os resultados negativos das diferentes probas diagnósticas aplicadas ao conxunto de usuarios e traballadores, o centro retoma a súa normal actividade, previo aviso a todas as persoas usuarias e as súas familias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:23:39



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

